

Marcenaro

Pola verdade que digo, sennor,
me queren mal os máis de que eu sei,
porque digo que sodes a mellor
dona do mundo, e verdade direi;
ja m' eles sempre mal poden querer 5
por aquesto, mais, enquant' eu viver,
nunca lles tal verdade negarei.

E, mia sennor, enquant' eu vivo for,
se non perder aqueste sén que ei,
mal pecado de que non ei pavor 10
de o non perder; e o non perderei,
ca perderia pelo sén perder
gran coita que me fazedes aver,
sennor fremosa, desque vos amei.

E mia sennor, quen vos nunca viu, ten 15
que vos loei por vos prazentear;
e Deus, sennor, non me dé de vos ben,
nen outro ben que me podia dar,
se vos loei sobr' aquesto, sennor;
mais por quanto sodes vós a milhor 20
dona do mund': esto vos faz loar.

- letto 662 volte